

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E O CONCELLO DE RIBADAVIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS RELACIONADAS COA TRIXÉSIMO QUINTA EDICIÓN DA MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO DE RIBADAVIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* ten previsto formalizar co **Concello de Ribadavia** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o **16 de decembro de 2019**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto deste convenio é o desenvolvemento de accións relacionadas coa trixésimo quinta edición da MIT-Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, que se celebrará nesta poboación ourensá entre os días 19 ao 27 de xullo de 2019, nunha edición que celebra os trinta e cinco anos do seu nacemento e os cincuenta da fundación ds Asociación Cultural Abrente, xermolo do actual festival. Un cartel conformado por compañías procedentes da Comunidade Valenciana, Madrid, Castela e León, Cataluña, Arxentina, Francia, Italia e Bélxica comparten protagonismo con compañías galegas representativas do panorama escénico galego actual e que se completa coas actividades paralelas que mesturan os ámbitos pedagóxico, experiencial e artístico.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

O Concello de Ribadavia vén organizando, como unha importante cita do eido escénico, a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, un dos eventos máis importantes do sistema teatral galego recoñecido pola Xunta de Galicia co premio da Cultura Galega 2013 na modalidade de artes escénicas ao entendela como o principal catalizador da refundación da escena galega na década dos anos 70 do pasado século. Nacida en 1973 da man da Asociación Cultural Abrente, a mostra foi adquirindo en cada edición unha maior envergadura ata se converter na cita de referencia para o conxunto dos profesionais e afeccionados do teatro galego non só de Galicia senón tamén das comunidades limítrofes, que poden acceder deste xeito a propostas de prestixiosos artistas escénicos do panorama estatal e internacional así como ás creacións galegas máis innovadoras, na meirande parte dos casos consideradas estreos absolutos en Galicia. Consólidase, así, este evento como un importante foco de atracción e de dinamización socioeconómica de toda a comarca á vez que se fortalece o papel exclusivo e necesario que a Mostra cumpre no sistema cultural galego.

A Agadic e o Concello consideran esencial o establecemento de accións conxuntas durante 2019 que profundicen na promoción e potenciación do sector teatral galego a través da colaboración neste evento, que destaca polo seu firme compromiso e dimensión popular e educativa cunha completa programación que evidencia o pulso de calidade, compromiso, innovación, aprendizaxe e constancia dun festival cunha



clara marca de identidade propia; un festival que, coa súa experiencia, continúa innovando e ampliando o proxecto, a repercusión e a calidade para ofrecerlle ao público un moi digno e profesional ámbito de encontro coa excelencia teatral.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

